

**ACTA FINAL DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR EN RELACIÓN CO PROCESO DE SELECCIÓN PARA O NOMEAMENTO EN PROPIEDAD POLO PROCEDIMENTO ORDINARIO MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE DUNHA (1) PRAZA DE CATEGORÍA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL (GRUPO A) (SUBGRUPO A1) DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA DO CONCELLO DE LALÍN (PONTEVEDRA).**

**EXPEDIENTE: 1787/2022.**

Con data 19 de setembro de 2023 e sendo as 9.00 horas, réunese de xeito telemático o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a cobertura dunha praza de Técnico da Administración Xeral do Concello de Lalín, pertencente ao subgrupo A1, como funcionario/a de carreira baixo a presidencia de Don Manuel Carramal Silva; e coa asistencia dos vogais: Don Antonio Santos Guerra, Dona María del Carmen Méijome Álvarez e Dona Isabel Areán González; actuando como Secretario, Don Román Pérez García, **quen dá fe do acto.**

Enténdese constituído o tribunal.

**PRIMEIRO.- Bases da convocatoria.**

Na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 20 de decembro de 2022, procedeuse á aprobación das bases reguladoras do proceso de selección para o nomeamento en propiedade polo procedemento ordinario mediante oposición libre dunha (1) praza de categoría de Técnico de Administración Xeral (grupo A) (subgrupo A1) da escala de Administración xeral, subescala técnica do Concello de Lalín.

**SEGUNDO.- Actas do Tribunal.**

En relación có terceiro exercicio concedeuse un prazo para que as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas, dito prazo de cinco días hábiles empezou a contar dende o día seguinte á publicación da Acta deste Tribunal de data 18/08/2023 na páxina web e na sede electrónica deste Concello de Lalín. Non constando reclamación ou alegación algunha en relación con dita proba.



**TERCEIRO.-** En relación có Cuarto exercicio: proba de coñecemento da lingua galega nas bases da convocatoria establécese que estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, dentro do prazo de presentación de solicitudes, estar en posesión do Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Polo que, a única aspirante que superou os tres primeiros exercicios está exenta da realización da proba de galego por ter presentado o Celga 4 no prazo de presentación de solicitudes.

#### **CUARTO.- Cualificacións Finais e Proposta de Nomeamento.**

De conformidade có indicado na base XII as cualificacións finais da aspirante que superou o proceso selectivo son as seguintes:

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>DNI</b>	<b>Primeira Proba</b>	<b>Segun da Proba</b>	<b>Terceir a Proba</b>	<b>TOTAL</b>
<b>María Brea Mella</b>	<b>***069 2**</b>	<b>23,20 puntos.</b>	<b>6,70 puntos</b>	<b>30 puntos</b>	<b>59,90 puntos</b>

Por ende, este Tribunal propón o nomeamento da única aspirante referida que superou este proceso selectivo coas puntuacións indicadas, na praza de Técnico de Administración Xeral (Grupo A) (Subgrupo A1) da escala de Administración Xeral.

#### **QUINTO.- Presentación documentación complementaria.**

De conformidade có indicado na base XIII, a aspirante proposta presentará no rexistro do Concello, no prazo de tres días hábiles contados dende o seguinte á publicación dos resultados do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello a seguinte documentación:

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que sexa compatible co desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.
- Copia compulsada polo Concello de Lalín ou Notario da Tarxeta da Seguridade Social.
- Certificado de conta bancaria na que a persoa seleccionada sexa titular.

#### **SEXTO.- Finalización da Sesión.**

Ás 9:30 horas o Presidente da por rematada a sesión, de todo o que eu, como secretario dou fe.

